

À DERIVA

Jia Zhangke, 2024

1542

ESTREA EN NUMAX: 27.06.2020 | V.O.S.E. | +12 | 111 min

A inicios dos anos 2000, en China, Qiaoqiao e Bin viven un amor apaixonado pero frágil, cantando, bailando e gozando de todo o que a cidade de Datong lles pode ofrecer. Pero un día Bin decide probar sorte noutra provincia máis grande e marcha sen avisar nin deixar rastro. Tempo despois, Qiaoqiao decide emprender unha viaxe para tratar de localizalo. Unha epopea amorosa que atravesa varias décadas nun país cambiante e en constante ebulición.

«Arrebatada, sonámbula, lírica, carnal e memorable. Pura música.»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Jia Zhangke: «Paréceme emocionante acompañar os cambios dunha muller ao longo de vinte anos»

Por Jean-Michel Frodon

Como xurdiu un proxecto tan especial como *Á deriva*? As orixes da película remóntanse a 2001, cando a tecnoloxía dixital fixo posible rodar de forma moi lixeira, con moi poucos recursos. Naquela época, Zhao Tao, o director de fotografía Yu Lik-wai e eu adquirimos o costume de facer viaxes, próximos e afastados, sen un obxectivo concreto. Tiña en mente o enfoque de Dziga Vertov, do “ciné-œil” como unha forma de enfrontarse á vida en todos os seus aspectos cos medios do cinema, e buscaba documentar a realidade desde tantos ángulos de visión como fose posible. Aínda que nunca foi un proxecto real, imaxinei unha película que se chamou “O home da cámara dixital”. Entre nós chamabámolo “ir de caza”, xa que Yu Lik-wai nos dixerá que en inglés era a mesma palabra, “to shoot”, que se usa tanto para disparar como para rodar. Así que fomos “de caza” a moitos lugares de China durante os primeiros vinte anos deste século, deixando ao azar a elección dos lugares e os encontros coa xente. A maior parte da metraxe era documental, por suposto, pero ás veces pedíalle a Zhao Tao que aparecese en plano, como un pequeno elemento narrativo, o bosquejo dun personaxe de ficción, e filmabamos o que ela facía, o que inventaba.

Naquel momento, non tiña plans concretos para utilizar estas imaxes? Non, e de feito non fixen nada con todo ese “botín de caza” en todos eses anos, durante os cales esas expedicións interrompíanse regularmente para traballar nas películas que dirixía ou producía. Pero con Zhao Tao e Yu Lik-wai, renovabamos as nosas expedicións de caza en canto tiñamos ocasión. Co tempo, cambiei de ferramentas, ás veces volvía á película de 16 ou 35 milímetros, ou utilizabamos cámaras dixitais máis sofisticadas, RED ou Alexa. Así que tiña unha enorme cantidade de imaxes, nunha gran variedade de soportes e formatos. Encantábame a experiencia de rodar, e non sentía a necesidade de montar o gravado. Ata que, a principios do ano 2020, a COVID e o confinamento pecharon case todas as posibilidades de traballo.

Así que en certo xeito, é unha película que naceu da pandemia? Si, pero non inmediatamente. Durante os primeiros meses, tiven que conformarme coa única actividade profesional que aínda me era posible: dar clases na escola de cinema de Shanxi que fundara. Seguí dando clases, por internet, e tamén me dediquei a escribir guións. Pero nun momento dado acordeime de todo o que gravara durante as “partidas de caza” e decidín revisar o material. Pero sen ningún plan concreto, non se trataba de facer unha película. Cando vin todo o material que acumuláramos foi cando me dixeran que había que facer unha película con todo iso, e cando empecei a montar un proxecto de produción.

Como o fixo? A primeira tarefa era transferilo todo a un soporte único desde o que fose posible traballar, e no que puidese moverme con facilidade. Por mor da pandemia, estábamos encerrados en casa, sometidos a un enorme número de restricións, e o tempo parecía deterse. Había moitas maneiras posibles de ordenar os copións, por exemplo, seguindo o fío das localizacións, ou xogando con asociacións poéticas entre situacións. Vía a contorna como formada por diferentes nubes en movemento, que nos levaban nunha ou outra dirección. Ao final, o fío condutor máis forte era o personaxe de Zhao Tao, que é en certa forma a nube que se impuxo. Paréceme emocionante acompañar o desenvolvemento dunha muller moi nova e todos os cambios que experimenta ao longo de vinte anos. Desde o momento en que ela se converteu no centro do proxecto, a parte ficticia cobrou máis importancia que a documental, que por suposto nunca desapareceu. E unha vez establecida a dimensión ficticia, tamén me permitín reutilizar planos de películas anteriores.